



CONCELLO DE  
OLEIROS

---

## ACTA DA SESION ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO QUE TIVO LUGAR O DIA VINTE E CINCO (25) DE MAIO DE 2023

---

No salón de sesións, sito no andar primeiro de Casa Charry, ás 12:35 h. do día 25 de maio de 2023, ten lugar sesión ordinaria do Concello Pleno, en primeira convocatoria.

Preside a sesión o alcalde, D. **Ángel García Seoane**, asistindo os membros da Corporación seguintes:

### **GRUPO MUNICIPAL “ALTERNATIVA DOS VECIÑOS” (A.V.)**

- D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Varela Neira.
- D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Esther Isabel Garrido Pan.
- D<sup>a</sup> Margarita Figueroa Vázquez.
- D. Antonio Molinos Marcote.
- D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Teresa Vázquez Maseda.
- D<sup>a</sup> Rosa M<sup>a</sup> Méndez Gómez.
- D. Jaime Rumbo Mosquera.
- D. Pablo Cibeira Taboada.
- D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Santos Zas.
- D<sup>a</sup> Sandra Fernández Fernández
- D<sup>a</sup> Marta M<sup>a</sup> Martínez Martínez.
- D<sup>a</sup> Aurora Belén Taboada Casal.

### **GRUPO MUNICIPAL “POPULAR” (P.P.)**

- D. José A. Bonome González.
- D. Antonio Javier Corredoira Alfonso.

### **GRUPO MUNICIPAL “SOCIALISTA” (PSdeG-PSOE)**

- D<sup>a</sup> Anna Margarita Candal Malvís
- D. Diego Chazarreta Arévalo.

### **GRUPO MUNICIPAL MIXTO-BNG**

- D. Iván Roca Cruz.

### **GRUPO MUNICIPAL MIXTO-CIUDADANOS**

- D. Manuel Jesús José Moinelo Allegue.

Non asisten:

- D. Jorge Platas Casal, voceiro do grupo municipal “Popular”.
- D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Dolores Silva Núñez, concelleira do grupo municipal “Popular”.

Da fe dos acordos tomados, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Pilar Cela Álvarez, secretaria accidental do Concello. Faise constar que está tamén presente o interventor municipal, D. Vicente José Calvo del Castillo.



CONCELLO DE  
OLEIROS

Logo de comprobar que concorre o quórum de asistencia que esixe o art. 46.2.c) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, para que teña lugar validamente a sesión, o sr. alcalde a declara aberta.

De seguido, procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día contida na convocatoria realizada a través do Decreto da Alcaldía nº 2022002640, de 22 de maio, que son os seguintes:

- 1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión plenaria que tivo lugar o 27 de abril de 2023.
- 2º.- Aprobación inicial, se procede, da modificación de crédito 2023/MODOR/000017, de Transferencia de Créditos, entre aplicacións do capítulo 6 do estado de gastos de investimentos reais.
- 3º.- Aprobación, se procede, da resolución desestimatoria dos recursos potestativos de reposición presentados contra a aprobación definitiva da Relación de Postos de Traballo (sesión plenaria de 10 de novembro de 2022).
- 4º.- Solicitud de subvención á Deputación Provincial da Coruña para a realización da XXIX Edición da Feira de Olería Tradicional “Alfaroleiros”.
- 5º.- Aprobación, se procede do inicio do expediente de contratación da obra denominada “Execución dun Edificio Multiusos en Bastiagueiro”.
- 6º.- Aprobación se procede, da inadmisión da revisión de oficio das solicitudes presentadas por D. Jorge Pérez Méndez contra varios acordos de convocatoria de Comisións informativas e Plenos.
- 7º.- Dar conta dos Decretos da Alcaldía, desde o nº 2023002077 ata o nº 2023002625 (incluídos).
- 8º.- Mocións, rogos e preguntas.

**Punto 1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión plenaria que tivo lugar o 27 de abril de 2023**

Consonte ó art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o alcalde pregunta se algún dos asistentes á sesión ten que formular algunha observación ou reparo á acta que se achegou para aprobar coa convocatoria desta sesión.

Da orde do alcalde intervén a voceira do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, D<sup>a</sup> **M<sup>a</sup> José Varela**, expoñendo que se detectou un erro de transcripción na pregunta nº 5.21 do grupo municipal “Socialista” (páxina nº 16) na que se plantexaba pola súa voceira:

**“5.21.- Pregunta do grupo municipal “Socialista” sobre axudas a adquisición de vivenda en Oleiros**

Formula a pregunta a voceira do grupo municipal “Socialista”, D<sup>a</sup> **Anna Candal**, sinalando:

“¿Existe algún tipo de iniciativa municipal para a solución de adquisición de vivendas en Oleiros?”

E nada máis, polo que sobra o texto seguinte que se contiña no borrador enviado a tódolos concelleiros e concelleiras e produto dun copia e pega que quedara do borrador dunha sesión anterior.

Da orde do alcalde pásase de seguido á votación amosándose o resultado de **dezanove (19) votos a favor** (trece (13) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”; dous (02) do grupo municipal “Popular”; dous (02) do grupo municipal “Socialista”; un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG e un (01) do grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos, polo que o Concello Pleno aproba a acta da *sesión plenaria que tivo lugar o 27 de abril de 2023, coa subsanación do erro salientando pola voceira do goberno municipal de “Alterantiva dos Veciños”.*



CONCELLO DE  
OLEIROS

**Punto 2.- Aprobación inicial, se procede, da modificación de crédito 2023/MODOR/000017, de Transferencia de Créditos, entre aplicacións do capítulo 6 do estado de gastos de investimentos reais**

Expón o asunto a voceira do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, D<sup>a</sup> **M<sup>a</sup> José Varela**, sinalando que a concellería de obras públicas formula proposta de transferencias de crédito entre distintas aplicacións do Capítulo 6 de Investimentos, baseada na que o crédito previsto no orzamento para a execución o proxecto de “Construción de Edificio Multiusos en Bastiagueiro” está dotado dun crédito superior ó que é necesario para a execución deste proxecto na anualidade actual de 2023, debido ás demoras na tramitación do expediente.

Por este motivo propón a aprobación dunha modificación orzamentaria por transferencia de créditos entre aplicacións do Capítulo 6, de Investimentos, como xa dixo para incrementar o crédito na execución dos proxectos e obras que se relacionan:

- Mellora da accesibilidade e seguridade viaria, mobilidade sostible, 100.000 €.
- Melloras en pavimentacións das rúas e camiños do concello, 300.000 €.
- Ampliación e acondicionamento e melloras en varias beirarrúas do concello, 175.000 €.
- Obras varias de renovación nas redes de saneamento do concello, 65.000 €.
- Obras varias de renovación nas redes de pluviais do concello, 150.000 €.
- Mellora da eficiencia enerxética no ano 2023 no concello, 70.000 €.
- Mantemento e remodelación de xardíns e parques municipais, 300.000 €.
- Melloras e reformas nas instalacións deportivas municipais, 40.000 €.

Deste xeito propónse ó pleno municipal a adoptación do acordo de aprobación inicial da modificación de crédito nº 2023/MODOR/000017, de transferencias de crédito por un importe de 1.200.000 €, dispoñendo a apertura dun período de información pública de 15 días hábiles mediante publicación de edicto no BOP a efectos de presentación de posibles reclamacións.

Intervén o concelleiro do grupo “Popular”, D. **Jorge Platas**, manifestando que o seu grupo non entende que habendo aprobado o orzamento hai uns cinco meses achéguesa agora xa unha modificación de crédito con cargo a un proxecto que non se puido executar, o que ven representar unha falla de previsión, aínda que están satisfeitos de que esta modificación de crédito permita executar unha serie de proxectos que o seu grupo leva demandando desde hai moito tempo, como o acondicionamento de rúas, renovacións das redes de sumidoiros e pluviais, etc.

Intervén a voceira do grupo “Socialista”, D<sup>a</sup> **Anna Candal**, sinalando que van aprobar o punto sobre todo polo destino ó que se lle vai dar esta modificación de créditos por un importe de 1.200.000 €.

Contesta o alcalde, D. **Ángel García**, manifestándolle ó grupo municipal “Popular” que cando se aprobou o orzamento o capítulo de investimentos tiña unha previsión de obras a executar, agora como existen estas necesidades e existe consignación orzamentaria por mor da boa xestión levada a cabo polo goberno municipal, propónse unha transferencia de créditos para executalas, sen máis.



CONCELLO DE  
OLEIROS

Porque é certo que ó longo do ano sempre xurden necesidades, como deterioro de camiños, rotura da rede de auga ou pluviais, que hai qu abordalas de xeito inmediato e iso é precisamente o que se está a facer e propoñer.

Insístese polo concelleiro do grupo “Popular”, Sr. **Platas**, en que asume o dito pero non deixa de ser máis que unha falla de previsión porque ó final, destinábase ese 1.200.000 € á execución de obras diferentes á que estaba prevista nun principi, ó que lle contesta o alcalde, Sr. **García**, dicindo que son imprevistos que xurden, como ruturas en tuberías, desperfectos en xardíns ou rúas, etc.

### Votación

Non habendo máis intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta ditaminada na comisión informativa de ‘asuntos de competencia plenaria’ que tivo lugar o pasado 22 de maio de 2023, acadándose o resultado de **dezasete (17) votos a favor** (trece (13) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”; dous (02) do grupo municipal “Socialista”; un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG e un (01) do grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos) e **dúas (02) abstencións** (dúas (02) do grupo municipal “Popular”).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

“A concellería de OO. PP. formula proposta de data 11/05/2023 de transferencias de crédito entre distintas aplicación do capítulo 6 de investimentos.

Se basea en que o crédito previsto no orzamento para a execución do proxecto de Construcción de edificio Multiusos en Bastiagueiro, contemplado na aplicación orzamentaria 60.933.63200, está dotado dun crédito superior ao que é necesario para a execución deste proxecto na anualidade de 2023, debido a demoras na tramitación do expediente.

Por este motivo, propón a aprobación dunha modificación orzamentaria por transferencia de créditos entre aplicacións do capítulo 6 de investimentos reais, para incrementar o crédito dos seguintes proxectos:

Partida	Proxecto	Código	Importe a incrementar
60.134.61900	Mellora da Accesibilidade e Seguridade Viaria, mobilidade sostible	2023025	100.000,00€
60.1531.61900	Melloras en Pavimentacións das rúas e camiños do Concello	2023030	300.000,00€
60.1532.61900	Ampliación e acondicionamento e melloras en varias beirarrúas do Concello	2023034	175.000,00€
60.160.61900	Obras varias renovación nas redes de saneamento do Concello	2023036	65.000,00€
60.160.61900	Obras varias renovación nas redes de PLUVIAIS do Concello	2023037	150.000,00€
60.165.61900	Mellora Eficiencia Enerxética no ano 2023 no Concello de Oleiros	2023042	70.000,00€
60.171.61900	Mantemento e remodelación de xardíns e Parques Municipais		300.000,00€
60.342.63200	Melloras e reformas nas Instalacións deportivas municipais		40.000,00€

Por todo o que antecede, proponse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar inicialmente a modificación de crédito 2023/MODOR/000017, de Transferencia de Créditos, entre diferentes áreas de gasto, nas aplicacións orzamentarias que se indican:

- Aplicación que se minora:



Aplicación que se minora			
Aplicac.	Cód. proxecto	Denominac. proxecto	Importe
60.933.63200	2023052	Construcción de edificio Multiusos en Bastiagueiro	1.200.000,00€

- Aplicacións que se incrementan:

Aplicación que se incrementa			
Aplicac.	Cód. proxecto	Denominac. proxecto	Importe
60.134.61900	2023025	Mellora da Accesibilidade e Seguridade Viaria, mobilidade sostible	100.000,00€
60.1531.61900	2023030	Melloras en Pavimentacións das rúas e camiños do Concello	300.000,00€
60.1532.61900	2023034	Ampliación e acondicionamento e melloras en varias beirarrúas do Concello	175.000,00€
60.160.61900	2023036	Obras varias renovación nas redes de saneamento do Concello	65.000,00€
60.160.61900	2023037	Obras varias renovación nas redes de PLUVIAIS do Concello	150.000,00€
60.165.61900	2023042	Mellora Eficiencia Enerxética no ano 2023 no Concello de Oleiros	70.000,00€
60.171.61900		Mantemento e remodelación de xardíns e Parques Municipais	300.000,00€
60.342.63200		Melloras e reformas nas Instalacións deportivas municipais	40.000,00€

**Segundo.-** Dispoñer a apertura dun período de información pública de 15 días hábiles mediante a publicación dun edicto no BOP, de acordo co disposto polo artigo 169 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, para que se poidan presentar reclamacións.

**Terceiro.-** No caso de que transcorra o prazo citado sen que se presenten reclamacións, o orzamento quedará aprobado de xeito definitivo e se disporá a publicación do resumo por capítulos nos termos previstos polo artigo 169.3 do Real decreto legislativo 2/2004, e se remitirá copia á Administración xeral do Estado e á Xunta de Galicia.”

**Punto 3.-** Aprobación, se procede, da resolución desestimatoria dos recursos potestativos de reposición presentados contra a aprobación definitiva da Relación de Postos de Traballo (sesión plenaria de 10 de novembro de 2022)

Da orde do alcalde expón o asunto a 2ª Tte. de alcalde e concelleira delegada de persoal, D<sup>a</sup> **Margarita Figueroa**, sinalando que vai realizar un resumo da proposta de resolución contida no expediente plenario, de tal forma que aprobada definitivamente polo pleno municipal a modificación da Relación de Postos de Traballo municipal referida á área económica, presentáronse dous recursos postestativos de reposición por dous funcionarios municipais, que xa no seu día presentaran alegacións e que foron desestimadas tamén.

Como os recursos de reposición presentados teñen o mesmo contido que as alegacións achegadas no seu intre e á vista dos informes emitidos e que obran no expediente plenario, proponse a súa desestimación e a notificación do citado acordo ós interesados, procedéndose tamén a súa publicación no BOP, contra esta resolución cabe recurso contencioso-administrativo no xulgado correspondente no prazo de dous meses.

#### **Votación**



CONCELLO DE  
OLEIROS

Non habendo máis intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta ditaminada na comisión informativa de 'asuntos de competencia plenaria' que tivo lugar o pasado 27 de marzo de 2023, acadándose o resultado de **quince (15) votos a favor** (trece (13) do grupo municipal de "Alternativa dos Veciños"; un (01) do grupo municipal "Mixto"-BNG e un (01) do grupo municipal "Mixto"-Ciudadanos) e **catro (04) abstencións** (dúas (02) do grupo municipal "Popular" e dúas (02) do grupo municipal "Socialista").

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

"Na sesión plenaria extraordinaria de 10 de novembro de 2022 aprobouse definitivamente a modificación da Relación de postos de traballo municipal (en diante, RPT) en relación á área económica municipal.

O anuncio deste acordo inicial do Pleno municipal publicouse no Boletín Oficial da provincia da Coruña, núm. 149, do 8 de agosto de 2022, aperturándose un prazo de exposición pública de vinte días hábiles para a formulación de reclamacións e suxestións polas persoas interesadas desde o día 9 de agosto de 2022 rematando o día 6 de setembro do mesmo ano.

Dentro da dita fase de exposición pública, presentáronse diversas alegacións que se resolveron na sesión plenaria do día 10 de novembro de 2022, aprobándose definitivamente a RPT municipal e publicándose o dito acordo no Boletín oficial da provincia da Coruña núm. 228, do 1 de decembro de 2022, como anteriormente se mencionaba.

Con posterioridad interpuxéronse dous recursos potestativos de reposición por persoal funcionario municipal que -tras a emisión do informes técnicos previos sobre a súa pertinencia-, se elevan agora a Pleno para a súa resolución- expoñéndose de seguido relacionados por orde alfabética:

**1.-** Recurso potestativo de reposición interposto polo funcionario municipal Xerardo García García en data 26 de decembro de 2022 que se informa pola responsable da área de RRHH o día 8 de maio de 2023 en senso desestimatorio e previo informe da empresa redactora do proxecto cuxa parte dispositiva se recorre, sendo os seus fundamentos de Dereito os que se seguen de xeito literal:

"No seu día, a empresa (EOSA) redactora do proxecto da RPT municipal contestou expresamente, mediante escrito para o efecto, ao escrito de alegacións presentado polo funcionario agora recorrente, de acordo coa metodoloxía empregada para confeccionar a nova relación de postos con incidencia na área económica municipal, explicando esta en consonancia coa legalidade vixente e razoando a concreta valoración dos postos de traballo obxecto de recurso en contraposición aos argumentos ofrecidos polo funcionario agora recorrente. En base a ese informe foi desestimada a alegación presentada por canto ese equipo redactor da nova RPT era o indicado para explicitar os criterios empregados na avaliación concreta deste e os restantes postos da organización -coa consecuente valoración da factores- que cristalizaron no documento posterior.

Neste recurso de reposición o funcionario non inclúe ningún argumento diferente aos esgrimidos de parte na súa alegación anterior, senón que explicitamente os da por reproducidos, reiterándoos, por tanto, non cabe máis que acollerse ao informe inicial da empresa redactora e desestimar o recurso de reposición presentado, por canto non inclúe ningún feito novo non tido en conta ou ofrece un argumento diferente aos desestimados no seu día coa fundamentación ofrecida, que se da por reproducida neste informe.

Non obstante, a empresa redactora do proxecto emite un novo informe sobre o contido do recurso de reposición que se presenta, que se incorpora ao expediente, no que volve a ofrecer argumentos para súa desestimación tal e como xa levara a cabo na alegación inicial, rexeitada íntegramente no seu día".

**2.-** Recurso potestativo de reposición interposto pola funcionaria municipal Laura Rodríguez Sastre en data 22 de decembro de 2022 que se informa pola responsable da área de RRHH o día 8 de maio de 2023 en senso desestimatorio e previo informe da empresa redactora do proxecto cuxa parte dispositiva se recorre, sendo os seus fundamentos de Dereito os que se seguen de xeito literal:

"No seu día, a empresa (EOSA) redactora do proxecto da RPT municipal contestou expresamente, mediante escrito para o efecto, ao escrito de alegacións presentado polo funcionario agora recorrente, de acordo coa metodoloxía empregada para confeccionar a nova relación de postos con incidencia na área económica municipal, explicando esta en consonancia coa legalidade vixente e razoando a concreta valoración dos postos de traballo obxecto de recurso en contraposición aos argumentos ofrecidos polo funcionario agora recorrente. En base a ese informe foi desestimada a alegación presentada por canto ese equipo redactor da nova RPT era o indicado para



CONCELLO DE  
OLEIROS

explicitar os criterios empregados na avaliación concreta deste e os restantes postos da organización -coa consecuente valoración da factores- que cristalizaron no documento posterior.

Neste recurso de reposición o funcionario non inclúe ningún argumento diferente aos esgrimidos de parte na súa alegación anterior, senón que explicitamente os da por reproducidos, reiterándoos, por tanto, non cabe máis que acollerse ao informe inicial da empresa redactora e desestimar o recurso de reposición presentado, por canto non inclúe ningún feito novo non tido en conta ou ofrece un argumento diferente aos desestimados no seu día coa fundamentación ofrecida, que se da por reproducida neste informe.

Non obstante, a empresa redactora do proxecto emite un novo informe sobre o contido do recurso de reposición que se presenta, que se incorpora ao expediente, no que volve a ofrecer argumentos para súa desestimación tal e como xa levara a cabo na alegación inicial, rexeitada íntegramente no seu día”.

Por conseguinte, e á vista do anteriormente exposto, proponse ao Pleno do Concello que se proceda á toma do seguinte acordo, de conformidade co artigo 22.2.i) da Lei de Bases do Réxime Local, por maioría simple:

**Primeiro.** Aprobar a resolución desestimatoria dos recursos potestativos de reposición presentados por Xerardo García García e Laura Rodríguez Sastre de acordo cos informes técnicos emitidos nos seus propios termos, incluídos no expediente plenario.

**Segundo.-** Notificar a resolución dos recursos potestativos de reposición ao persoal funcionario municipal Xerardo García García e Laura Rodríguez Sastre, indicándolles que contra esta resolución poderase interpor recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña, no prazo de dous meses, sen prexuízo da interposición daqueles outros que se consideren.

**Terceiro.-** Ordear a publicación deste acordo no Boletín oficial da provincia da Coruña.”

#### **Punto 4.- Solicitud de subvención á Deputación Provincial da Coruña para a realización da XXIX Edición da Feira de Olería Tradicional “Alfaroleiros”**

Expón o asunto a voceira do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, D<sup>a</sup> **M<sup>a</sup> José Varela**, sinalando que coimo estes anos anteriores trátase de solicitar da Deputación Provincial da Coruña unha subvención por importe de 30.000 €, o que supón o 45,42% do orzamento de gastos, para levar a cabo a 29 Edición da Feira de Olería Tradicional “Alfaroleiros”.

Ó mesmo tempo, ó igual que en anos anteriores, proponse o nomeamento por parte deste pleno como representante municipal para a solicitude da subvención e sinatura electrónica da mesma á concelleira delegada de cultura, D<sup>a</sup> Esther Garrido Pan.

Intervén o concelleiro do grupo “Popular”, D. **Jorge Platas**, manifestando que votarán a favor porque tódolas aportacións que cheguen para o desenvolvemento desta feira tradicional serán benvidas.

Intervén a voceira do grupo “Socialista”, D<sup>a</sup> **Anna Candal**, anunciando o voto a favor do seu grupo porque é unha mostra máis da colaboración permanente e axuda que a Deputación provincial presta a este concello.

#### **Votación**

Non habendo máis intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta ditaminada na comisión informativa de ‘asuntos de competencia plenaria’ que tivo lugar o pasado 22 de maio de 2023, acadándose o resultado da unanimidade dos asistentes a esta sesión, é dicir, **dezanove (19) votos a favor** (trece (13) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”; dous (02) do grupo municipal “Popular”; dous (02) do grupo municipal “Socialista”; un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG e un (01) do grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos).



CONCELLO DE  
OLEIROS

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

“Exposición de motivos

No ano 1994 o Concello de Oleiros recibiu a oferta de compra dunha importante colección particular de olería popular española. Esta compilación, propiedade do artista José M<sup>a</sup> Kaydeda e a súa dona, Teresa Jorge, estaba composta por unhas 4.500 pezas provenientes de máis de 250 olerías diferentes.

O enfoque monográfico desta colección converxía coa perspectiva do Concello de Oleiros, xa que encaixaba co reforzamento do topónimo da localidade. Así pois, no ano 1995 materializouse a adquisición da colección Kaydeda por parte do Concello, que nese mesmo ano puxo en marcha o *Museo Os Oleiros – José M<sup>a</sup> Kaydeda*.

Promocionar o patrimonio da olería tradicional como medio de coñecemento da nosa identidade e como fonte de riqueza cultural e intelectual é un dos obxectivos fundamentais do museo. Para acadar este fin, o Concello de Oleiros traballou activamente no deseño de ferramentas de difusión que facilitasen e atraesen o interese de usuarios e potenciais visitantes. Foi así como se puxo en marcha a Escola Municipal de Olería e a feira de olería popular *Alfaroleiros*.

ALFAROLEIROS

É unha feira de olería tradicional de entidade nacional que comezou a súa andaina en agosto de 1995 e de carácter singular única en Galicia. Nela participan artesáns de distintos puntos da xeografía española e do país irmán Portugal, seleccionados pola calidade das súas obras, que durante 5 días amosan os seus traballos ao público xeral no parque Luis Seoane de Santa Cruz.

Ademais de poder coñecer a produción dos mellores oleiros do país, Alfaroleiros ofrece a posibilidade de ver “artesanía en vivo”, asistindo a diversas demostracións.

Por outra banda, cos anos a feira foi enriquecéndose con todo tipo de actividades culturais (concertos, xogos tradicionais, espectáculos teatrais, etc.) que completan a súa oferta e a fan máis atractiva a todo tipo de públicos.

Serve este evento para apoiar un oficio tradicional como é a oleiría e potenciar ao mesmo tempo o uso da hostalería e do comercio existente na zona.

Os documentos necesarios para a solicitude de subvención ante a Deputación Provincial obran no expediente.

Polo exposto e considerando que a Feira de Olería Tradicional “Alfaroleiros”, é unha feira de carácter singular e único na provincia da Coruña que ten ademais un interese público de carácter cultural, social e económico, e que este ano acada a súa XXIX edición, ao Pleno do Concello, PROPONSE:

**1º.-** Solicitar á Deputación Provincial da Coruña unha subvención por importe de 30.000,00 € (trinta mil euros) para a realización da XXIX edición da Feira de Olería Tradicional “Alfaroleiros”.

A cantidade que se solicita corresponde ao 45,42 por cento do orzamento detallado de gastos que figura no expediente, e que ascende a un total de 66.050,00euros.

**2º.-** Nomear como representante para a solicitude desta subvención e para a sinatura electrónica da mesma, á concelleira delegada de Cultura e Normalización Lingüística, M<sup>a</sup> Esther Isabel Garrido Pan.”

**Punto 5.- Aprobación, se procede do inicio do expediente de contratación da obra denominada “Execución dun Edificio Multiusos en Bastiagueiro”**

Expón o asunto a voceira do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, D<sup>a</sup> **M<sup>a</sup> José Varela**, sinalando que pola concellería de contratación emitíuse providencia instando á incoación do procedemento para a contratación, por medio de procedemento aberto con diversidade de criterios de avaliación, da obra “Execución dun edificio Multiusos en Bastiagueiro”.

Elaborados os pregos de cláusulas administrativas e técnicas particulares para a súa contratación mediante procedemento aberto, procedeuse á emisión pola secretaría municipal de informe xurídico preceptivo sobre o procedemento a seguir contanto cunha duración de 18 meses, sen posibilidade de prórrogas.





CONCELLO DE  
OLEIROS

Pola contía do seu valor estimado, que ascende á cantidade de 11.789.792,01 €, o contrato atópase suxeito a regulación harmonizada, de acordo co establecido na Lei de Contrato do Sector Público.

Visto informe emitido pola intervención municipal, sinálase que o contrato finánciase con cargo ós exercicios 2023, 2024 e 2025, para o qu se practicaron as retencións de crédito no ano 2023, 600.000 €; no ano 2024 5.500.000 € e no ano 2025 5.626.118,93 €, que serán consignadas nos orzamentos correspondentes.

Conforme ó establecido na Lei de Contratos do Sector Público, a competencia para a adxudicación do contrato recaería sobre o pleno do Concello de Oleiros, polo que procede adoptar o acordo seguinte:

- 1.- Aprobar o proxecto para a execución da obra de “Execución do Edificio Multiusos en Bastiagueiro”, cun orzamento de 9.691.007,38 € sen IVE máis 2.035.111,55 € de IVE, o que resulta un custe total da obra dos 11.726.118,39 € ós que antes aludiu.
- 2.- Proceder a realizar o replano do proxecto para a súa incorporación ó expediente de contratación.
- 3.- Aprobar o expedinete administrativo para a contratación, por medio de procedemento aberto con multiplicidade de criterios de avaliación da obra sinalada.
- 4.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas e técnicas particulares que regulará a súa licitación.
- 5.- Abrir a fase de licitación do contrato, mediante publicación de anuncio no Diario Oficial da Unión Europea e no perfil do contratante do Concello de Oleiros, para que se poidan presentar as ofertas que se estimen oportunas no prazo de 30 días naturais, contados desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea.

Intervén o concelleiro do grupo “Popular”, D. **Jorge Platas**, manifestando que ó seu grupo parécelles unha vergoña que achegue este asunto á sesión plenaria de hoxe cando por mor dél foi multado pola Xunta Electoral e non entenden despois da longa traxectoria coa que conta o alcalde en campañas electorais que volva a errar nisto ¿Non sabe que non se poden facer este tipo de anuncios por parte dos gobernos mentres se está en campaña electoral?.

Intervén a voceira do grupo “Socialista”, D<sup>a</sup> **Anna Candal**, anunciando a abstención do seu grupo porque aínda estando de acordo coa execución do proxecto non no emprazamento onde o pretenden ubicar, dado que a estrada de acceso está habitualmente colapsada de tráfico.

Intervén o voceiro do grupo “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando que dado o período no que se está, a setenta e dúas horas de que teñan lugar as eleccións, decidiron non presentar ningún rogo nin pregunta aínda que entenden que é preceptivo convocar unha sesión plenaria ordinaria pero máis para temas de trámite puro que por exemplo, no punto este que se está a tratar do auditorio, non vai entrar no fondo do asunto simplemente discrepan da oportunidade dado que este proxecto cre que data do ano 2008 e non entenden que se traia a tres días das eleccións, polo que se fan algunha crítica é precisamente isa a súa inoportunidade máis que o proxecto en si.

Se lle permite o alcalde, dado que non vai intervir máis nesta sesión plenaria e como non vai estar tampouco se é o caso na de constitución da corporación, por temas persoais, gustaríalle aproveitar este intre para agradecer a todo o mundo, tanto ós e ás compañeiras da corporación coma en xeral co concello, o trato recibido o dado que é



CONCELLO DE  
OLEIROS

traballar sen nengún tipo de problema e facer fincapé especialmente nos que na vindeira corporación non van estar como o Sr. Bonome, Diego, Moinelo e a Sra. Garrido, a concelleira de cultura, foi un pracer coñecelos e traballar con vos.

Intervén o voceiro do grupo “Mixto”-Ciudadanos, D. **Manuel Moinelo**, manifestando que non vai entrar na oportunidade ou non de traer o día de hoxe o proxecto do auditorio, pero no que sí están de acordo é que é un proxecto de futuro, que vai potenciar de casa á xuventude un espazo para actos culturais, deportivos, e máis eventos, porque Oleiros é un concello que está a medrar moito que en moi pouco tempo imos chegar ós 50.000 habitantes e contar cun edificio deste carácter é moi importante polo que votará favorablemente.

Contesta o alcalde, D. **Ángel García**, salientando que como é sabido por todos este proxecto é máis que coñecido que no seu día contratado xa foi boicoteado polo grupo municipal “Socialista”, que incluso como dicía unha vez contratado, ó non se executar houbo que indemnizarlle á empresa contratada, polo que como non é a primeira vez non lle estrana o posicionamento deste mesmo grupo, alegando ademais que non están de acordo co lugar, ó que lles tenque dicir que mellor sitio que Bastiagueiro poucos, nun bulevar como é e ademais con moito aparcamento; respecto ó alegado polo grupo “Popular” en canto á oportunidade dicirlle que este proxecto xa constaba no orzamento do ano pasado e non puido executarse por mor de diferentes cuestións e este ano volveu haber consignación, polo que o único xeito de levalo adiante é empezar coa contratación que como saben ten un proceso e se o seguimos a deixar xa entraríamos no ano 2024 e así sucesivamente, polo que se inicia o seu tramite e a ver se aló polo mes de outubro se pode xa adjudicar.

Polo que non existe ningún tipo de oportunismo cun proxecto xa coñecido por todos, publicado tanto en prensa pública coma privada e non é ningún segredo que esta actuación se ía levar adiante e o lugar tamén coñecíase desde xa hai moito tempo, polo que insiste en que non entende algunha das intervencións.

Intervén a voceira do grupo municipal “Socialista”, D<sup>a</sup> **Anna Candal**, sinalando que falou do lugar porque a recta de Bastiagueiro adoita estar colapsada de tráfico sempre e é unha odisea cruzala, imaxínense en tempada de verán e que haxa un evento.

Contéstalle o alcalde, D. **Ángel García**, sinalando que cando xoga o Deportivo ou hai un evento grande na Coruña tamén se colapsa a entrada na cidade e cando haxa un evento determinado nese edificio pois ó mellor se colapsa o acceso, pero para que non exista ningún impedimento poderían vostedes xestionar cos seus compañeiros en Madrid para que dunha vez por todas aborden a ampliación tanto da Ponte Pasaxe coma a Avda. de Alfonso Molina, para que amplíen a N-VI no tramo do Carballo , etc., xa verán como así non se colapsan as vías de comunicación e de acceso á cidade e na comarca.

Intervén o concelleiro do grupo “Socialista”, D. **Diego Chazarreta**, sinalando que xa está practicamente rematada a actuación no curce do Sol y Mar, deixen traballar ó goberno socialista que xa verán como irán facéndose todas estas actuacións que puxo de manifesto o alcalde.



CONCELLO DE  
OLEIROS

Remata o alcalde, Sr. **García**, dicindo que a actuación do Sol y Mar foi ó final levada a cabo pola presión e loita histórica do seu grupo, por ninguén máis.

### **Votación**

Non habendo máis intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta ditaminada na comisión informativa de 'asuntos de competencia plenaria' que tivo lugar o pasado 22 de maio de 2023, acadándose o resultado de **catorce (14) votos a favor** (trece (13) do grupo municipal de "Alternativa dos Veciños" e un (01) do grupo municipal "Mixto"-Ciudadanos) e **cinco (05) abstencións** (dúas (02) do grupo municipal "Popular"; dúas (02) do grupo municipal "Socialista" unha (01) do grupo municipal "Mixto"-BNG).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

"Vista a Providencia da concelleira delegada de economía e facenda e contratación que figura no expediente, na que se ordena que se incoe o procedemento para a contratación da execución da obra de "EXECUCIÓN DUN EDIFICIO MULTIUSOS EN BASTIAGUEIRO", figurando as características da mesma na documentación recibida polo departamento de contratación do Concello de Oleiros enviada polo departamento de obras públicas, na que figuran a proposta de gasto, a memoria explicativa de data 15 de maio de 2023, e o proxecto técnico.

Visto que o orzamento da presente licitación é de 9.691.007,38 €, ó que se lle suma un 21% de IVE (2.035.111,55 €), o que supón un importe de 11.726.118,93 € IVE incluído. O prazo de execución do referido contrato é de 18 meses, sen previsión de prórrogas tal e como se establece nos pregos de cláusulas técnicas do contrato. O valor estimado ascende a 11.789.792,01 €

Visto que con data 16 de maio de 2023, emítase informe xurídico pola secretaría municipal, no que se indica, entre outras disposicións relativas ó procedemento administrativo, que se ten que tramitar a contratación mediante un procedemento aberto de conformidade co establecido no artigo 156 LCSP, e visto tamén que o expediente achégase cos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e Técnicas, redactados conforme ó establecido na lexislación para a tramitación dun procedemento aberto.

Visto que con data de 16 de maio de 2023, emítase informe de fiscalización favorable polo interventor accidental.

Tralo ditame da Comisión Informativa de acordo co disposto polo artigo 126.1 do Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro, **propoño que o Pleno do Concello adopte o seguinte acordo:**

**"EXPTE. 2023/CONTRAT/000065**

**ASUNTO: APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DENOMINADO "EXECUCIÓN DUN EDIFICIO MULTIUSOS EN BASTIAGUEIRO"**

Polo departamento municipal de obras públicas remítase ó departamento de contratación a proposta de contratación da obra "EXECUCIÓN DUN EDIFICIO MULTIUSOS EN BASTIAGUEIRO", en base ós seguintes antecedentes:

#### **ANTECEDENTES**

Así, pola concelleira delegada de contratación emitiuse Providencia de 16 de maio de 2023 instando a incoación do procedemento para a súa contratación, por medio de procedemento aberto con diversidade de criterios de avaliación.

En vista do anterior, elaboráronse os pregos de cláusulas administrativas e técnicas particulares para a súa contratación mediante procedemento aberto, procedéndose á emisión pola secretaría municipal de informe xurídico preceptivo sobre o procedemento a seguir para a contratación, de 16 de maio de 2023 e informe de fiscalización de data 16 de maio de 2023.

O contrato de obra terá unha duración de 18 meses sen posibilidade de prórrogas.

No aspecto económico, a contía do presente contrato distribúese do seguinte xeito:

	<b>Orzamento sen IVA</b>	<b>IVA 21%</b>	<b>Total</b>
--	--------------------------	----------------	--------------



	9.691.007,38	2.035.111,55	11.726.118,93
<b>TOTAIS</b>	<b>9.691.007,38</b>	<b>2.035.111,55</b>	<b>11.726.118,93</b>
APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS: 60.933.63200-Xtión Patr. Inv.Rep. Edif. e O.Constr; PROXECTO DE GASTO: 2023052-Construción De Edificio Multiusos en Bastiagueiro			
Sistema de prezos: A TANTO ALZADO			

<b>Importe de licitación (IVE excluído)</b>	9.691.007,38
<b>Incremento de unidades de execución</b>	969.100,74
<b>Importe das modificacións previstas (IVE excluído) – 20%</b>	1.129.683,89
<b>Importe dos premios ou primas pagadeiras ós licitadores (IVE excluído)</b>	-----
<b>Importe das opcións eventuais (IVE excluído)</b>	-----
<b>Prórroga/s (IVE excluído)</b>	-----
<b>TOTAL</b>	<b>11.789.792,01</b>

Pola contía do seu valor estimado, que ascende a 11.789.792,01 €, o contrato atópase suxeito a regulación harmonizada, de acordo co establecido no artigo 22 LCSP.

Visto o informe emitido pola Intervención municipal o día 16 de maio de 2023, no que se indica que o contrato finánciase con cargo á aplicación orzamentaria 60.933.63200, con imputación ós exercicios 2023, 2024 e 2025, para o que se practicaron as correspondentes retencións de créditos segundo se detalla a continuación:

ANUALIDADE	OPERACION	IMPORTE
2023	RC 202300016629	600.000€
2024	RCFUT1-202300016630	5.500.000€
2025	RCFUT2-202300016631	5.626.118,93€

Tal e como establece o artigo 174.1 do RDL 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais e o R.D 500/90 que a desenvolve, a autorización e o compromiso do gasto imputable ós exercicios posteriores o corrente subordinarase ó crédito que para estes exercicios consígnese nos respectivos orzamentos.

Conforme ó establecido na D.A .2.ª da Lei 9/2017, 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a competencia para a adxudicación do contrato recaerá sobre o Pleno do Concello de Oleiros.

Por tanto, procede que o Pleno do Concello de Oleiros adopte o acordo seguinte:

**PRIMEIRO.-** Aprobar o proxecto para a execución da seguinte obra:

<b>OBXECTO:</b>	EXECUCIÓN DE EDIFICIO MULTIUSOS EN OLEIROS				
<b>ORZAMENTO SEN IVE:</b>	9.691.007,38€	<b>IVE 21%</b>	2.035.111,55€	<b>ORZAMENTO CON IVE:</b>	11.726.118,93€
<b>DURACIÓN PREVISTA</b>	18 MESES				
<b>TÉCNICO/A REDACTOR DO PROXECTO</b>	FERNANDO MARTÍNEZ LÓPEZ				

**SEGUNDO.-** Que se proceda a efectuar o replaneo do proxecto para a súa incorporación ó expediente de contratación, de conformidade co establecido no art. 236 LCSP.

**TERCEIRO.-** Aprobar o expediente administrativo para a contratación por medio de procedemento aberto con multiplicidade de criterios de avaliación do contrato de "EXECUCIÓN DUN EDIFICIO MULTIUSOS EN BASTIAGUEIRO"

**CUARTO.-**Aprobar o prego de cláusulas administrativas e técnicas particulares que regularán esta licitación.



CONCELLO DE  
OLEIROS

**QUINTO.-** Abrir a fase de licitación do contrato mediante a publicación do anuncio de licitación no Diario Oficial da Unión Europea e no perfil do contratante do Concello de Oleiros, para que se poidan presentar as ofertas que se estimen oportunas no prazo de 30 días naturais contados desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea (art. 156.2 LCSP).

**SEXTO.-** Dar traslado ós departamentos municipais correspondentes e ós interesados, debido ós efectos implícitos ó acto administrativo, así como ó servizo responsable do expediente ós efectos oportunos.

**SÉTIMO.-** Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer os seguintes recursos:

1. con carácter potestativo poderá vostede interpoñer recurso especial en materia de contratación previsto no art. 44 del LCSP, o cal presentárase no rexistro do órgano de contratación ou no do órgano competente para a resolución do recurso ou naqueles indicados no art. 51 LCSP, dentro do prazo de quince días hábiles, a contar desde o día seguinte ó de recepción da notificación desta resolución.

Con carácter previo e dentro do mesmo prazo, deberá anunciarlle ó órgano de contratación a intención de interpoñelo, especificando o acto do procedemento que vai ser obxecto de recurso.

2. Recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses a partires do día seguinte ó da notificación do acto de resolución do recurso de reposición, se fora expreso, se fora presunto, o prazo será de seis meses a partires do día seguinte a aquel no que, de acordo coa súa normativa específica, prodúzase o acto presunto. O recurso contencioso-administrativo pódese interpoñer ante o xulgado do contencioso-administrativo da cidade da Coruña, de acordo co artigo 8.1 da Lei 29/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

O anterior enténdese sen perxuízo da facultade de interposición do recurso extraordinario de revisión cando concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 125 da Lei 39/2015, de 1 de outubro (LPACAP), de prantexamento da solicitude do artigo 106.1 LPACAP ou de interposición de calquera outro recurso que se estime procedente.”

**Punto 6.- Aprobación se procede, da inadmisión da revisión de oficio das solicitudes presentadas por D. Jorge Pérez Méndez contra varios acordos de convocatoria de Comisións informativas e Plenos**

Expón o asunto a voceira do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, D<sup>º</sup> M<sup>º</sup> José Varela, sinalando que a pretensión do ex concelleiro D. Jorge Pérez é a revisión de oficio por nulidade das convocatorias das comisións informativas e de sesións plenarias que se relacionan no expediente fundamentando o seu recurso en dúas cuestións. A primeira o incorrecto xeito de notificar as convocatorias por correo electrónico e a segunda, a falla de notificación con dous días de antelación de que tiveran lugar as sesións, o que supón a vulneración do dereito de participación política regulada na constitución española e que permite fundamentar a revisión de oficio nunha causa de nulidade.

A respecto da primeira cuestión posta de manifesto, a notificación a través de correo electrónico das convocatorias de sesións, debe indicarse que foi aceptada en todo intgre como xeito habitual para a comunicación dos actos administrativos que lle afectaban ó recorrente, desde que ocupou o seu cargo como concelleiro desta corporación, forma de notificación que se levou a cabo nesta administración municipal durante os dous mandatos ós que se refiren os actos recorridos.

O concelleiro en cuestión, participou asistindo en todas elas deliberando sobre a votación da maioría, aspecto este que son sinal da recepción da notificación pola súa parte. É dicir, que a notificación defectuosa é válida se o interesado deuse por notificado realizando ademais actuacións que puxeron de manifesto o recoñecemento do acto, dado que os actos de comunicación teñen que ter un carácter finalista.



CONCELLO DE  
OLEIROS

No alegado como segunda cuestión, debe sinalarse que todas as convocatorias mencionadas forons notificadas cando menos con dous días de antelación como exige a normativa aplicable, polo tanto o non darse o feito que alega o recorrente non existe base legal para poder entrar a valorar a posible nulidade da convocatoria por vulneración de dereitos e liberdades.

É importante e débese deixar constancia de que todos os actos agora recorridos contiñan os requisitos exixidos legalmente, en concreto, os recursos que podían interperse contra os mesmos e dos que non fixo uso o nomedo edil desde o 2017 ata a actualidade.

En consecuencia, non existen razóns polas que se poida apreciar unha revisión de oficio dado que o simple feito de alegar a vulneración de dereitos fundamentais non é suficiente cando o vicio non se cometeu nos expedientes administrativos denunciados, polo tanto non hai motivación ningunha para admitir a revisión de oficio solicitada.

Intervén o concelleiro do grupo “Popular”, D. **Jorge Platas**, manifestando que cren que está moi fundamentado o escrito presentado polo ex concelleiro e polo tanto, anuncia o voto en contra neste asunto.

Intervén a voceira do grupo “Socialista”, D<sup>a</sup> **Anna Candal**, sinalando que vai dar lectura a un escrito do ex concelleiro, dado que non está xa na corporación e no que sinala que ó non estar neste salón de sesións o redactor da petición da admisión a tramite do que hoxe se debate, estas son as súas palabras que serven para argumentar a postura do seu grupo político en canto a este punto.

Unha vez máis, como é practica habitual no Concello de Oleiros ante calquera solicitude, petición, suxestión ou recurso que os cidadáns presentan por sí mesmos ou a través dos seus lexítimos representantes electos, o goberno municipal de Alternativa dos Veciños rexeita por sistema, nun exercicio de rodillo cun poder que non ostentan e usurpan en contra das leis fundamentais que rexen o comportamento da administración ante os dereitos que teñen os seus administrados.

Para xustificar ese rexeitamento sistemático e constante non dubidan en mentir, faltando gravemente á veracidade dos feitos en base a un pseudo informe xurídico elaborado polo servizo de secretaría, ó fronte do cal está unha persoa que ocupa o seu posto de xeito accidental desde hai xa varios lustros carecendo da habilitación nacional exixida para o seu exercicio. Dito informe cuxo rigor e imparcialidade deixa moito que desexar, contradí a doutrina máis fundamental respecto da materia que hoxe débátese, propoñendo a inadmisión da solicitude de revisión en base a unha soposta carencia manifesta de fundamento que en absoluto xustifica, nin motiva.

Así, inicia a fundamentación xurídica cunha falsedade afirmando...

Neste intre polo alcalde, D. **Ángel García**, interrompe a intervención da Sra. Candal dicíndolle que non lle permite baixo ningún concepto que siga coa lectura do escrito, porque non consinte que diga que a secretaria municipal falsea documentación porque a está a insultar, unha declaración indecente sobre a persoa que ostenta o posto de secretaria municipal.



CONCELLO DE  
OLEIROS

Intervén a voceira do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, D<sup>a</sup> **M<sup>a</sup> José Varela**, sinalando que lle parece de moi mal gusto este escrito máis, cando esta persoa ten posibilidade de interpoñer recurso ou demanda ante os tribunais ante unha situación á que señala como tan irregular.

En canto ó alegado de que os recursos e peticións rexéitanse por sistema neste concello, dicir que as fundamentación que rexeitan ou admiten o plantexado son en base a fundamentacións xurídicas, non á discrecionalidades, e neste caso a fundamentación xurídica emana dun informe emitido pola secretaria municipal que efectivamente ocupa o cargo de xeito accidental, pero non debe esquivarse que está nomeada pola Dirección Xeral de Admón. Local da Xunta de Galicia e conta coas mesmas responsabilidades que un habilitado nacional e insiste en que cre que é de moi mal gusto este escrito que empeza a ler a voceira do grupo “Socialista”, máxime cando a persoa que o redactou non está presente nesta sesión plenaria, polo que insiste tamén na posibilidade coa que conta esta persoa para presentar antes os tribunais de xustiza todo o que entenda que debe recorrer, e ademais é unha cuestión persoal da propia secretaria que tome as medidas que estime convintes ante o lido no escrito presentado.

O alcalde, D. **Ángel García**, salienta que indo máis aló trátase dunha difamación porque alegar que a secretaria falseou documentación e tamén advirte que a secretaria é libre para tomar as medidas que estime e levalos ós tribunais, tanto á voceira do grupo “Socialista” por dar lectura ó escrito coma ó autor do mesmo.

Intervén o voceir do grupo “Mixto”-Ciudadanos, D. **Manuel Moineiro**, sinalando que con motivo da sesión da comisión informativa abstívose por mor dun acto de solidariedade cun ex compañeiro, pero vista a falla de respecto vertida hoxe aquí contra a secretaria municipal non pode máis que rexeitala e votará a favor do asunto.

### **Votación**

Non habendo máis intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta ditaminada na comisión informativa de ‘asuntos de competencia plenaria’ que tivo lugar o pasado 22 de maio de 2023, acadándose o resultado de **quince (15) votos a favor** (trece (13) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”; un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG e un (01) do grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos) e **catro (04) votos en contra** (dous (02) do grupo municipal “Popular” e dous (02) do grupo municipal “Socialista”).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

“Antecedentes.-

D. Jorge Pérez Méndez, en representación do grupo municipal socialista de Oleiros solicitou os días 23 e 26 de decembro de 2022, varias revisións de oficio, conforme ao procedemento que establece o artigo 106 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común, dos actos administrativos seguintes:

#### **Escrito presentado o 23-12-2022 nº 2022023409**

- 1.- Decreto da Alcaldía 4055/17, de 18 de outubro de 2017 de convocatoria de Comisión Informativa de 23/10/2017
- 2.- Decreto da Alcaldía de 20 de marzo de 2019 de convocatoria de Comisión Informativa de 25/03/2019
- 3.- Decreto da Alcaldía de 21 de marzo de 2022 de convocatoria de Comisión Informativa de 25/03/2022
- 4.- Decreto da Alcaldía de 16 de novembro de 2021 de convocatoria de Comisión Informativa de 19/11/2021



5.- Decreto da Alcaldía de 12 de agosto do 2021 de convocatoria de Comisións Informativas (a data que pon como Decreto é a da celebración da C.I.) (convocada 3584 do 21-07\_comisión especial de contas)

**Escrito presentado o 26-12-2022 nº 2022023426**

- 1.- Decreto da Alcaldía 4134/17, de 23 de outubro de 2017 de convocatoria de Pleno de 26/10/2017
- 2.- Decreto da Alcaldía de 23 de setembro de 2019 de convocatoria de Pleno de 26/09/2019
- 3.- Decreto da Alcaldía de 25 de xuño de 2021 de convocatoria de Pleno de 30/06/2021
- 4.- Decreto da Alcaldía de 25 de xuño de 2021 de convocatoria de Pleno extraordinario de 30/06/2021
- 5.- Decreto da Alcaldía de 25 de marzo do 2019 de convocatoria de Pleno de 28/03/2019

**Escrito presentado o 26-12-2022 nº 2022023429**

- 1.- Decreto da Alcaldía de 25 de marzo do 2019 de convocatoria de Pleno de 28/03/2019 (repetido no escrito anterior)
- 2.- Decreto da Alcaldía de 25 de novembro de 2019 de convocatoria de Pleno de 28/11/2019
- 3.- Decreto da Alcaldía de 28 de marzo de 2022 de convocatoria de Pleno de 31/03/2022

En todos os escritos presentados manifesta o seguinte:

*“...El fundamento de la presente solicitud se halla en el artículo 47 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, de Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, toda vez que este acto es nulo por cuanto:*

*PRIMERO: se trata de un acto nulo de pleno derecho, por lesionar los derechos y libertades susceptibles de amparo constitucional, según lo dispuesto en el artículo 47.1.a), de la Ley 39/2015, de Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.*

*La motivación y el fundamento de la presente solicitud se basa en la vulneración del artículo 23 de la Constitución Española, que dispone lo siguiente:*

*Artículo 23*

- 1. Los ciudadanos tienen el derecho a participar en los asuntos públicos, directamente o por medio de representantes, libremente elegidos en elecciones periódicas por sufragio universal.*
- 2. Asimismo, tienen derecho a acceder en condiciones de igualdad a las funciones y cargos públicos, con los requisitos que señalan las leyes.*

*La vulneración y lesión de este derecho (derecho fundamental a la participación política), se fundamenta a su vez en la infracción de lo dispuesto en los artículos 80.3 del R.D., 80.4 y 81.1.C) Y 81.2 del Real Decreto 2568/1986, de 28 de noviembre, por el que se aprueba el Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales.*

*Artículo 80*

- 3. La convocatoria, orden del día y borradores de actas deberán ser notificados a los Concejales o Diputados en su domicilio.*
- 4. Entre la convocatoria y la celebración de la sesión no podrán transcurrir menos de dos días hábiles, salvo en el caso de las sesiones extraordinarias urgentes.*

*Artículo 81*

- 1. La convocatoria para una sesión, ordinaria o extraordinaria, dará lugar a la apertura del correspondiente expediente, en el que se deberá constar:*

*c) Las copias de las notificaciones cursadas a los miembros de la Corporación*

- 2. Siendo preceptiva la notificación a los miembros de las Corporaciones Locales de las correspondientes órdenes del día, en la Secretaría General deberá quedar debidamente acreditado el cumplimiento de este requisito.*

*En el presente caso, no se ha procedido a la notificación de la convocatoria plenaria, vulnerando lo dispuesto en el artículo 41.1.b) de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, de Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, vulnerando la totalidad de los preceptos legales citados y expuestos.*





*Artículo 41. Condiciones generales para práctica de las notificaciones*

*1. Las notificaciones se practicarán preferentemente por medios electrónicos, y en todo caso, cuando el interesado resulte obligado a recibirlas por esta vía. No obstante lo anterior, las Administraciones podrán practicar las notificaciones por medios no electrónicos en los siguientes supuestos.*

*b) Cuando para asegurar la eficacia de la actuación administrativa resulte necesario practicar la notificación por entrega directa de un empleado público de la Administración notificante. Con independencia del medio utilizado, las notificaciones serán válidas siempre que permitan tener constancia de su envío o puesta a disposición, de la recepción o acceso por el interesado o su representante, de sus fechas y horas, del contenido íntegro, y de la identidad fidedigna del remitente y destinatario de la misma. La acreditación de la notificación efectuada se incorporará al expediente. Los interesados que no estén obligados a recibir notificaciones electrónicas, podrán decidir y comunicar en cualquier momento a la Administración Pública, mediante los modelos normalizados que se establezcan a tal efecto, que las notificaciones sucesivas se practiquen o dejen de practicarse por medios electrónicos. Reglamentariamente, las Administraciones podrán establecer la obligación de practicar electrónicamente las notificaciones para determinados procedimientos y para ciertos colectivos de personas físicas que por razón de capacidad económica, técnica, dedicación profesional y otros motivos, quede acreditado que tienen acceso y disponibilidad de los medios electrónicos necesarios. Adicionalmente, el interesado podrá identificar un dispositivo electrónico y/o una dirección de correo electrónico que servirán para el envío de los avisos regulados en este artículo, pero no para la práctica de las notificaciones.*

*En el presente caso, no consta notificación alguna de la convocatoria de la sesión de comisiones informativas ni tampoco de la sesión plenaria a la que se alude, como tampoco, consecuentemente, se ha notificado el orden del día de ambas sesiones, por lo que se vulnera lo dispuesto en los artículos citados, tanto en cuanto a la obligación de practicar las notificaciones correspondientes, como a la antelación a la que se refiere el artículo 80.4 del ROF, lo que supone a su vez la lesión del derecho fundamental a la participación política al que se refiere el artículo 23 de la Constitución Española.*

*El artículo 23 CE, que reconoce el derecho de los ciudadanos a participar “a acceder en condiciones de igualdad a las funciones y cargos públicos, con los requisitos que señalen las leyes”, no sólo garantiza el acceso igualitario a las funciones y cargos públicos, sino que también que los que hayan accedido a los mismos se mantengan en ellos y los desempeñen de conformidad con lo que la ley disponga (como así reconocen las SSTC 5/1983, SSTC 10/1983, SSTC 28/1984 y SSTC 40/2003, entre otras muchas). Esta garantía añadida resulta de especial relevancia cuando, como ocurre en el presente caso, la petición es aducida por un concejal en defensa del ejercicio de sus funciones, ya que en tal supuesto resulta también afectado el derecho de los ciudadanos a participar en los asuntos públicos a través de sus representantes. En una línea jurisprudencial que se inicia con las sentencias referidas, el Tribunal Constitucional ha establecido una conexión directa entre el derecho de los parlamentarios ex art. 23.2 CE y el que la Constitución atribuye a los ciudadanos a participar en los asuntos públicos, pues como se indica en la STC de 15 de diciembre de 2014 “puede decirse que son primordialmente los representantes políticos de los ciudadanos quienes dan efectividad a su derecho a participar en los asuntos públicos. De suerte que el derecho del artículo 23.2 CE, así como, indirectamente, el que el art. 23.1 CE reconoce a los ciudadanos, quedaría vacío de contenido o sería ineficaz, si el representante político se viese privado del mismo o perturbado en su ejercicio.”*

*Así, la STS de 13 de marzo de 2006 (Rec. 8244/2002), ante un caso de similares características al presente, establece que “consideramos que de modo alguno puede aceptarse como procedimiento de comunicación a los concejales de la convocatoria de las reuniones (ordinarias o extraordinarias) de las Comisiones Informativas y del Pleno municipal el seguido en este caso. No respeta, ciertamente, lo preceptuado por el artículo 59.2 de la Ley 30/1992, ya que no permite tener constancia de cuándo se practicó, ni de a quién, ni del contenido de la notificación. Y, desde luego, ningún valor tiene que se hubiera hecho antes así pues la práctica observada no convalida la ilegalidad del procedimiento. “*

*Señala además la citada Sentencia que el propio Ayuntamiento el que debe acreditar la práctica de la notificación, y que ésta se ejecutó conforme a derecho, para indicar además que “aunque puede considerarse cuestión de legalidad ordinaria la apreciación de la urgencia con la que deben celebrarse sesiones de órganos municipales para resolver sobre un determinado asunto, precisamente su carácter extraordinario exige un mayor rigor en la práctica de la notificación de la convocatoria”, constituyendo infracción no sólo del derecho fundamental al que se refiere el artículo 23.2 de la Constitución, sino que se proyecta también sobre el artículo 23.1 en la medida en que los representantes públicos elegidos democráticamente hacen efectivo el derecho de los ciudadanos a participar en los asuntos públicos a través de aquéllos.*



*Estimando, pues, el recurso, el Tribunal declara la nulidad de los acuerdos adoptados en las Comisiones Informativas y en el Pleno.*

*Del mismo modo, la STS de 4 de mayo de 2005 (Rec. 3460/2003), establece que “No obstante cabe añadir, que el hecho de que concurran las circunstancias legítimas legalmente establecidas para la convocatoria extraordinaria y urgente, no exonera de la exigencia de proceder a la adecuada notificación a todos los concejales que conforman el Pleno, como presupuesto y garantía imprescindible del ejercicio del derecho constitucionalmente reconocido en el artículo 23 de nuestra Norma Fundamental. Tal notificación ha de producirse con observancia de lo dispuesto en la legislación sobre procedimiento administrativo común, a la que expresamente se refiere el artículo 194 del citado Reglamento de Organización, Funcionamiento, y Régimen Jurídico de las Entidades Locales”.*

*A mayor abundamiento, la STS de 27 de junio de 2007 (Rec casación. 1323/2004), asienta doctrina disponiendo que “el plazo de antelación establecido para la convocatoria del Pleno constituye una de las condiciones que resultan necesarias para el debido ejercicio del derecho de participación política del artículo 23 CE, por lo que su limitación sin la debida justificación comporta una infracción de dicho derecho fundamental. Y no basta tan sólo con que ese lapso de tiempo no haya afectado al derecho de información por haberse podido satisfacer a través de otros trámites municipales, pues ese mínimo de antelación temporal rige en principio también para la preparación de la intervención que cada concejal quiera desarrollar en el Pleno; es decir, rige para todas las actuaciones, no sólo para la información, que el concejal quiera llevar a cabo en el ejercicio de su actividad política (como puede ser convenir con otros concejales la estrategia a seguir en el debate y la votación).*

*Así se han pronunciado también la Sentencia 367/2017 de 17 de mayo, del Tribunal Superior de Justicia de Madrid, que establece que “para que la convocatoria pueda ser efectuada sin respetar el plazo mínimo de dos días hábiles se requiere, inexcusablemente, que quede cumplida justificación de la urgencia, sin que sea suficiente la mera ratificación formal del Pleno Municipal”.*

*La muy reciente Sentencia 1089/2022, de 7 de octubre del Tribunal Superior de Justicia de Castilla y León, en la misma línea que las anteriormente citadas, dispone a este respecto lo siguiente:*

*“por lo demás, la sentencia de instancia califica correctamente el defecto de convocatoria como de nulidad de pleno derecho, acorde con el criterio mantenido por esta Sala, por ejemplo, en la Sentencia de 10 de diciembre de 2018, que en interpretación de los indicados preceptos sobre vulneración del plazo mínimo de convocatoria apreciamos la nulidad radical ex artículo 47.1.a) de la LPACAP, en cuya virtud, “1. Los actos de las Administraciones Públicas son nulos de pleno derecho en los casos siguientes: a) Los que lesionen los derechos y libertades susceptibles de amparo constitucional”, sin que a ello se oponga, decíamos, “ni la circunstancia de que durante el tiempo transcurrido hubieran podido disponer de la documentación relativa a la convocatoria, ya que lo relevante no es sólo la disponibilidad de acceso a la información, sino esa misma disponibilidad con la antelación mínima legalmente establecida (STS de 27 de junio y STS de 12 de julio de 2007, citadas en la Sentencia apelada, como en el caso que nos ocupa), antelación que el Ayuntamiento no respetó sin justificación alguna, ni la circunstancia de que los concejales participaran en el Pleno”*

*“el régimen excepcional al plazo previo de convocatoria no menor a dos días hábiles lo constituye la urgencia del asunto del pleno a tratar, pero por su propia naturaleza de un acto administrativo dictado en régimen de excepción a la norma general, y que restringe las posibilidades de preparación, consulta y defensa de los miembros de la Junta de Portavoces, debe ser motivado, y ello no sólo por ser éste el régimen general de todo acto administrativo que afecta al régimen jurídico y a los miembros de ese órgano, sino porque precisamente así viene exigido cuando se adopte una tramitación de urgencia.” Y resuelve desestimando el recurso interpuesto por el Ayuntamiento, con expresa condena a costas procesales.*

*Resulta sumamente clara al respecto la Resolución 06303/2013 de 23 de octubre, dictada por el Tribunal Administrativo de Navarra, en la que se indica que “Por ende, no queda acreditado que dicho concejal dispusiera de los dos días hábiles (como mínimo), concedidos por el transcrito artículo 78.1 de la LFALN para poder preparar debidamente los asuntos a tratar en la sesión”. Es necesario comentar que, en el caso que nos ocupa, sería de aplicación, en sustitución de la citada norma, los citados artículos 80 y 81 del ROF, que establecen un plazo idéntico. “Sentencias del Tribunal Supremo como las de 4 de noviembre de 2002, y 21 de mayo de 1993, enfatizan de estos requisitos procedimentales garantistas, en aras del derecho constitucional de participación en la actividad pública. Con ellos no sólo se trata de salvaguardar el derecho a participar que asiste a los miembros del órgano colegiado, sino también, indirectamente, el de los vecinos por ellos representados.”*

*En suma, la causa de la nulidad de pleno derecho se basa en la falta de notificación de la convocatoria, tanto de la sesión plenaria citada, como de la sesión de Comisión Informativa, así como del orden del día de ambas, lo cual supone, como hemos visto, una infracción de los preceptos legales a los que se refieren los artículos 80 y 81 del*



*ROF, y por consiguiente, tal y como hemos podido apreciar en las citadas Sentencias, del derecho de participación en los asuntos públicos al que se refiere el artículo 23 de la Constitución Española, afectando tanto al propio concejal recurrente, como a los ciudadanos representados en la Corporación por el mismo, por extensión, y conforme a la abundante jurisprudencia del Tribunal Constitucional, de la cual hemos citado algunos ejemplos de relevancia.*

*Es por ello, que, como se ha puesto de manifiesto en el presente escrito, se trata de un acto que lesiona los derechos y libertades fundamentales susceptibles de amparo constitucional, cuya consecuencia no puede ser otra que la nulidad de pleno derecho conforme a lo dispuesto en el artículo 47.1.a) de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, de Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.*

#### **SOBRE LA ADMISIBILIDAD DE LA SOLICITUD**

*En cuanto al fundamento, motivación o razonamiento de la solicitud, el escrito contiene, de forma clara y concisa, las razones concretas por las cuales, en este caso en particular, concurren dichas causas de nulidad. En este punto resulta oportuno referirnos de nuevo a la doctrina asentada del Tribunal Supremo al respecto, en su reciente Sentencia 254/2021, de 24 de febrero, que a tal respecto indica que no se requiere una motivación exhaustiva, sino que no exista una palmaria, ostensible, apreciable sin esfuerzo alguno, ausencia de razonamiento, de falta de explicación, sobre la concurrencia, al supuesto de autos, de la causa invocada..."*

#### **Normativa aplicable.-**

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas. (LPAC)
- Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)

#### **Fundamentación xurídica.-**

**Competencia.-** Debe terse en conta que nin a LBRL nin a LPAC establecen quen debe resolver ás solicitudes de revisión de oficio, porén a recente Xurisprudencia **STS de 13/12/2022** (RC 4472/2020) dispuxo o seguinte "(...)Recapitulando, pues, conforme a la legislación que acabamos de referir, el Alcalde solo tiene atribuida la competencia para la revisión de oficio por nulidad de pleno derecho, en los supuestos en los que expresamente se le atribuye esa competencia: art. 124.4.m) y 5 de la Ley 7/85; 116, párrafo segundo del RD 2568/86 y art. 64 del Texto Refundido de la Ley de Contratos, sin que exista tampoco precepto alguno que atribuya tal facultad al Pleno, al que le compete - art. 22.2.k) de la Ley 7/85- la declaración de lesividad de los actos del Ayuntamiento, por iniciativa del Alcalde.

*Sin embargo, el art. 110 de la LBRL establece que compete al pleno del Ayuntamiento <<la declaración de nulidad de pleno derecho y la revisión de los actos dictados en vía de gestión tributaria, en los casos y de acuerdo con el procedimiento establecido en los artículos 153 y 154 de la Ley General Tributaria. 2. En los demás casos, las entidades locales no podrán anular sus propios actos declarativos de derechos y su revisión requerirá la previa declaración de lesividad para el interés público y su impugnación en vía contencioso-administrativa, con arreglo a la Ley de dicha Jurisdicción>>.*

*"Existe, pues, un claro vacío normativo en esta cuestión (¿Quién tiene las potestades de revisión de oficio fuera de los casos que acabamos de citar?) sobre el que se ha pronunciado el Consejo de Estado, los Consejos Consultivos de CC.AA. y gran parte de la doctrina, en favor del Pleno. Igualmente, esta Sala Tercera del Tribunal Supremo, muy tempranamente, se inclinó por esta postura. Al efecto cabe citar dos viejas SsTS de 3 de junio de 1985 (RJ/1985/3203) y de 2 de febrero de 1987 (RJ/1987/2903). En la primera de ellas se decía <<...resulta evidente que entre tanto se resuelva legalmente tal laguna legal con una nueva regulación del problema, el acuerdo resolutorio deberá, al menos, por su trascendencia, ser adoptado por el Pleno Corporativo y con el requisito mínimo del dictamen favorable del Letrado>>".*

*En virtud de ello fija como doctrina que la competencia para revisar de oficio ex art. 106 LPAC los actos de los Presidentes de las Corporaciones Locales de régimen común es del **Pleno**, no sin reconocer que :*

*"...no podemos desconocer posiciones doctrinales minoritarias -no exentas de argumentos que, reconociendo que se echa de menos una clara y concreta regulación en esta materia, considera posible realizar una interpretación de la legislación vigente que atribuya al Alcalde las facultades para la revisión de oficio de los actos dictados en materias de su competencia, pues la atribución al Pleno de la revisión de oficio en materia tributaria no es motivo bastante para privar al Presidente del Ayuntamiento de la facultad de revisión de oficio de sus actos nulos de pleno derecho cuando dicha las causas de nulidad están tasadas legalmente, convirtiendo al acto revisorio en un acto reglado".*



En consecuencia, a vista da Xurisprudencia mencionada o órgano que deberá coñecer da revisión de oficio contra actos do presidente da Corporación é o Pleno.

**Cuestións recorridas.-**

Pretende o concelleiro D. Jorge Pérez Méndez a revisión de oficio por nulidade das convocatorias de comisións informativas e de Pleno que se relacionaron “ut supra”, fundamentando o seu recurso en dúas cuestións:

**Primeira.-** A incorrecta forma de notificar as convocatorias vía correo electrónico.

**Segunda.-** A falta de notificación con dous días de antelación da celebración da sesión o que supón a vulneración do dereito de participación política do regulado no artigo 23 da Constitución Española e que permite fundamentar a revisión de oficio nunha causa de nulidade do artigo 47 da LPAC.

**Fundamentación xurídica.-**

Con base nestas cuestións alega nulidade de pleno dereito das convocatorias seguindo a Xurisprudencia que considera nulo o acto administrativo, neste caso convocatoria, que non respecte o prazo establecido vulnerando o dereito constitucional (...) *la nulidad radical ex artículo 47.1.a) de la LPACAP, en cuya virtud, “1. Los actos de las Administraciones Públicas son nulos de pleno derecho en los casos siguientes: a) Los que lesionen los derechos y libertades susceptibles de amparo constitucional.*

Con respecto a primeira cuestión posta de manifesto polo recorrente, a notificación a través de correo electrónico das convocatorias plenarias; debe indicarse que, foi aceptada en todo momento como modo para a notificación dos actos administrativos que lle afectaban o recorrente desde que o mesmo ocupou o seu cargo como concelleiro da Corporación, modo de notificación que se usou no Concello durante os dous períodos legislativos os que se refiren os actos recorridos; como así consta nos distintos expedientes administrativos sen que ata a data mostrase obxección. En todo caso, dito defecto sería un defecto de forma que non pode servir de base para a nulidade de pleno dereito alegada, así o dispón expresamente o artigo 48. 2 da LPAC. “2. *No obstante, el defecto de forma sólo determinará la anulabilidad cuando el acto carezca de los requisitos formales indispensables para alcanzar su fin o dé lugar a la indefensión de los interesados*” e a maior abundamento indica o artigo 40.3 da LPAC o seguinte:

*“3. Las notificaciones que, conteniendo el texto íntegro del acto, omitiesen alguno de los demás requisitos previstos en el apartado anterior, surtirán efecto a partir de la fecha en que el interesado realice actuaciones que supongan el conocimiento del contenido y alcance de la resolución o acto objeto de la notificación, o interponga cualquier recurso que proceda.”*

O Concelleiro como consta nos distintos expedientes das comisións informativas e plenarias recorridas, asistiu a todas elas e participou na deliberación e votación dos asuntos, aspecto este que son sinal da recepción da notificación por parte de D. Jorge Pérez. É dicir, que a notificación defectuosa é válida se o interesado se deu por notificado e realizou as actuacións que puxeron de manifesto o coñecemento do acto, dado que os actos de comunicación teñen un carácter finalista.

En canto a cuestión manifestada en segundo lugar, nulidade de pleno dereito, por non terse notificado as convocatorias con dous días hábiles de antelación, vulnerando así o dereito a participación política regulado no artigo 23 da CE e que é un dos motivos que permite acudir a revisión de oficio conforme establece o artigo 47.1 letra a), *“los actos de las Administraciones Públicas son nulos de pleno derecho en los casos siguientes: a) los que lesionen los derechos y libertades suceptibles de amparo constitucional”.*

Sobre esta cuestión debe indicarse que todas as convocatorias mencionadas foron notificadas cando menos con dous días de antelación como esixe a normativa aplicable, polo tanto o non darse o feito que alega o recorrente non existe base legal para poder entrar a valorar a posible nulidade da convocatoria por vulneración de dereitos e liberdades.

En resumo o primeiro dos motivos, non pode fundamentar unha nulidade de pleno dereito como se expuxo, e que ademais quedou subsanado coa asistencia do concelleiro as sesións convocadas. En canto ao segundo, non pode valorarse porque todas as sesións foron convocadas con dous días hábiles de antelación a sesión celebrada,.

Tamén é importante deixar constancia de que, todos os actos agora recorridos contiñan os requisitos esixidos legalmente, en concreto, os recursos que podían interperse contra os mesmos, recursos que serven para denunciar os erros e vicios dos actos administrativos, sen que contra ningún deles se interpuxera recurso ningún dende o 2017 ata a actualidade.



En consecuencia co indicado, non existen razóns polas cales se puidera apreciar a revisión de oficio, pois o simple feito de alegar a vulneración de dereitos fundamentais non é suficiente cando o vicio non se cometeu nos expedientes administrativos denunciados; polo tanto non existe motivación ningunha para a revisión de oficio solicitada. Como ben indica o recorrente é posible inadmitir a petición de revisión de oficio seguindo a doutrina sentada polo TS, que indica que a solicitude de revisión de oficio, non esixe unha motivación exhaustiva, senón que exista unha ausencia ou falta de razoamento.

Tal é a falta de razoamento das solicitudes presentadas que, a primeira cuestión denunciada non é causa de nulidade e ademais foi subsanada coa concorrencia do recorrente a todas e cada unha das sesións, en canto a segunda o vicio denunciado non concorre no presente caso, pois as convocatorias enviáronse cando menos con dous días hábiles de antelación.

Por todo o exposto, a proposta ao Pleno é a seguinte:

**Primeiro.-** Inadmitir as solicitudes de revisión de oficio presentadas por D. Jorge Pérez Méndez seguintes;

- \* Convocatoria de Comisión Informativa de 23/10/2017
- \* Convocatoria de Comisión Informativa de 25/03/2019
- \* Convocatoria de Comisión Informativa de 25/03/2022
- \* Convocatoria de Comisión Informativa de 19/11/2021
- \* Convocatoria de Comisións Informativas (a data que pon como Decreto é a da celebración da C.I.) (convocada 3584 do 21-07 comisión especial de contas)
- \* Convocatoria de Pleno de 26/10/2017
- \* Convocatoria de Pleno de 26/09/2019
- \* Convocatoria de Pleno de 30/06/2021
- \* Convocatoria de Pleno extraordinario de 30/06/2021
- \* Convocatoria de Pleno de 28/03/2019
- \* Convocatoria de Pleno de 28/11/2019
- \* Convocatoria de Pleno de 31/03/2022

**Segundo.-** Notificar ao interesado, facéndolle saber que contra este acordo, por ser un acto que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano administrativo que o dita no prazo DUN MES que comezará a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP). Tamén poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo da cidade da Coruña, no prazo de DOUS MESES que comezará a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co disposto na Lei 29/98 de 13 de xullo da xurisdición contencioso-administrativa.

Todo isto sen prexuízo da facultade de interposición do recurso extraordinario de revisión cando concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 125 da antedita Lei 39/2015 de 1 de outubro, LPACAP de formular a solicitude á que se refire o artigo 106.1 da citada Lei, ou de interpoñer aqueloutros que estime procedentes.”

**Punto 7.- Dar conta dos Decretos da Alcaldía, desde o nº 2023002077 ata o nº 2023002625 (incluídos)**

Todas as concelleiras e concelleiros asistentes a esta sesión plenaria *toman coñecemento* dos Decretos da Alcaldía, desde o nº 2023002077 ata o nº 2023002625 (incluídos).

**Punto 8.- Mocións, rogos e preguntas**

Non se presenta ningunha moción nesta sesión plenaria e o alcalde, D. **Ángel García**, ordea que se pase directamente á quenda de rogos e preguntas, iniciándose cun rogo que formula o grupo municipal “Popular”.

**\* rogos e preguntas**

**8.1.- Rogo do grupo municipal “Popular” sobre posibilidade de habilitación dos baixos comerciais en vivenda**

Expón o rogo o concelleiro do grupo municipal “Popular”, D. **Jorge Platas**, sinalando:



CONCELLO DE  
OLEIROS

“Alégranse que Alternativa dos Veciños incluíra no seu programa electoral a posibilidade de habilitar os baixos comerciais como vivendas, que o levan pedindo desde hai moito tempo e sempre recibiron malas contestacións por parte do alcalde, o que si lle rogaría é que cando copien unha iniciativa do Partido Popular, polo menos dígaos.”

#### **8.2.- Rogo do grupo municipal “Popular” sobre arranxo dunha tapa da rede sumidoiros**

Expón o rogo o concelleiro do grupo municipal “Popular”, D. **Antonio Corredoira**, sinalando:

“Á altura do nº 6 da Rúa Areal, en Perillo, existe unha tapa da rede de sumidoiros que non tapa a totalidade do burato, polo que solicitan o seu arranxo.”

#### **8.3.- Rogo do grupo municipal “Popular” sobre posta en marcha dun plan para arranxo de zonas con carencia de servizos**

Expón o rogo o concelleiro do grupo municipal “Popular”, D. **Antonio Corredoira**, sinalando:

“Existen vivendas en Oleiros que están legalizadas para uso residencial, como é o caso das que están no Real, que non contan nin con acceso asfaltado, nin rede de sumidoiros nin de auga, pero pagan impostos como os demais, tendo un concello con aforro non se utilizan para prestar servizos básicos á veciñanza, polo que rogan que se poña en marcha un plan para poñer fin a estas situacións que lles parecen terceiomundistas.”

#### **8.4.- Rogo do grupo municipal “Socialista” sobre arranxo de varias cuestións na Rúa da Pomba**

Expón o rogo a voceira do grupo municipal “Socialista”, D<sup>a</sup> **Anna Candal**, sinalando:

“Varios veciños da Rúa da Comba contactaron co seu grupo para advertirlles de que sufren varios cortes de luz a diario e ademais, non se desbroza a zona e que se arranxe o pasamáns da ponte que está solto.”

#### **8.5.- Rogo do grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos sobre desprazamento dos contedores existentes a carón do Camping de Bastiagueiro**

Expón o rogo o voceiro do grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos, D. **Manuel Moineiro**, sinalando:

“Recibiron un correo electrónico hai uns días sobre unha cuestión que xa plantexou neste pleno, imaxina que é da propiedade do Camping de Bastiagueiro e tendo en conta que é unha cuestión sinxela de resolver, solicitan que se modifique a ubicación dos contedores porque cando entran e saen as caravanas teñen que facer moita manobra e realmente non debería de haber moito problema para desprazalos uns metros. Finalmente, tamén reclaman un contedor de reciclaxe.”

#### **8.6.- Pregunta do grupo municipal “Popular” sobre instalación de cartel crítico coa Xunta de Galicia en Perillo**

Formula a pregunta o concelleiro do grupo municipal “Popular”, D. **Jorge Platas**, sinalando:

“¿Por qué instalou o cartel crítico coa Xunta de Galicia, o do bus, ocupando un carril de carga e descarga en Perillo?; ¿Gustaríalles saber tamén o custo do mesmo e quen o vai pagar e cando pensa retiralo? Porque xera molestias para carga e descarga, de feito, está a ocupar como 5 ou 6 metros.”

#### **8.7.- Pregunta do grupo municipal “Popular” sobre a rede de sumidoiros na estrada de Lorbé**

Formula a pregunta o concelleiro do grupo municipal “Popular”, D. **Antonio Corredoira**, sinalando:

“O alcalde anunciou unha denuncia á Xunta de Galicia pola rede de sumidoiros na estrada de Lorbé ¿Sabe o alcalde que a rede de sumidoiro é competencia municipal? Están afectadas unhas vivendas e incluso un restaurante, a Xunta de Galicia amosou vontade para facelo ¿Enviou o concello o proxecto?.”

#### **8.8.- Pregunta do grupo municipal “Popular” sobre multa da Xunta Electoral ó concello por temas electorais**

Formula a pregunta o concelleiro do grupo municipal “Popular”, D. **Antonio Corredoira**, sinalando:





CONCELLO DE  
OLEIROS

“O concello foi sancionado con 500 € pola Xunta Electoral por reiterados incumprimentos no deber de neutralidade con motivo das eleccións,, facendo trampas ó mellor é unha das razóns polas que leva gobernando durante 40 anos ¿Vai pagar do seu peto esta multa ou ó final a pagarán os veciños?.”

**8.9.- Pregunta do grupo municipal “Popular” sobre multa da Xunta Electoral ó concello por temas electorais**

Formula a pregunta o concelleiro do grupo municipal “Popular”, D. **Antonio Corredoira**, sinalando:

“O concello foi sancionado con 500 € pola Xunta Electoral por reiterados incumprimentos no deber de neutralidade con motivo das eleccións,, facendo trampas ó mellor é unha das razóns polas que leva gobernando durante 40 anos ¿Vai pagar do seu peto esta multa ou ó final a pagarán os veciños?.”

**8.10.- Pregunta do grupo municipal “Popular” sobre propostas á Xunta de Galicia no plan de modificación dos límites do monumento natural Costa Dexo**

Formula a pregunta o concelleiro do grupo municipal “Popular”, D. **Antonio Corredoira**, sinalando:

“A Xunta de Galicia abriu un período de participación pública encol das memorias iniciais do plan de xestión e da proposta de modificación dos límites do monumento natural Costa Dexo, segundo ten entendido o concello non presentou ningunha proposta ¿Vaina presentar? Porque o prazo remata o vindeiro 5 de xullo.”

**8.11.- Pregunta do grupo municipal “Socialista” sobre os motivos da paralización da urbanización sita detrás do GADIS**

Formula a pregunta a voceira do grupo municipal “Socialista”, D<sup>a</sup> **Anna Candal**, sinalando:

“O seu grupo pregúntase sobre os motivos que conlevan que a urbanización a desenvolver detrás do GADIS estea parada, na rotonda que dá para a Rúa Casares Quiroga, vai cumprir un ano parada e non sabe quen ten a culpa desa paralización, se a Xunta de Galicia ou o Concello.”

Neste intre solicita a palabra e intervén o voceiro do grupo “Mixto”-Ciudadanos, D. **Manuel Moineiro**, manifestando que quere aproveitar a ocasión para realizar unha breve despedida porque os anos van pasando e a vida de cada quen son etapas, considera que a súa como edil deste maravilloso concello remata e por iso quere dar as máis sinceras grazas a tódolos compañeiros e compañeiras que durante estes catro anos fomentaron o diálogo, o respecto e o consenso, nese intre nomea persoalmente ós asistentes e ten un lembramento cara ós que xa non forman e formaron parte da corporación.

En canto ó alcalde dicir que teñen un punto en común, a historia e unha adoración xuvenil por certas persoas, rememorando a carta que no 1965 mandoulle o Ché Guevara a Fidel Castro na Habana, onde lle dicía que tiña que facer outras cousas noutros lugares e nese senso non sabe se o Concello da Coruña será a súa Bolivia e a súa figueira pero vaino intentar ata o último intre; Angel grazas por estes catro anos.

Contesta o alcalde, D. **Ángel García**, contestando á quenda de rogos e preguntas e o exposto polo representante do Partido Popular, hai que ter valor para arrogarse propostas e iniciativas que realiza diariamente o goberno municipal de Oleiros que preside e parece mentira que o concelleiro que a formulou sexa da propia parroquia de Oleiros, porque foi aquí na capital do municipio na Pza. da Rabadeira onde xa hai moitos meses, irá xa para un ano, onde este pleno acordou que os baixos comerciais poidan ser habilitados como residenciais, polo que nada que aprender doutros.

Sobre a tapa da rede de sumidoiros, mirarana a ver que defecto ten e sobre o Camiño do Real xa en moitas ocasións sinalaron que nos montes e nas leiras non fan redes de sumidoiros e de auga, en todo caso fanas en núcleos de



CONCELLO DE  
OLEIROS

poboación, pero en vivendas illadas como pode ser tamén a Rúa do Xabarín, non van facer obras de rede de sumidorios e auga, insiste.

Sobre os cortes de luz, que saiba o concello non ten competencias ne materia de enerxía eléctrica, en todo caso será a compañía subministradora, en canto ó pasamáns da ponte inspeccionarán a ver que pasa, engádelle a Sra.

**Candal**, que tamén o desbroce que se queixan os veciños da rúa.

En canto ó tema dos contedores, a carón do Camping de Bastiagueiro, dicir que comunicaran a empresa que presta o servizo.

Sobre o cartel ó que se refería o representante do Partido Popular, dicir que o instalou o goberno municipal porque a Sra. conselleira impediu sen xustificación de ningún tipo que a partir do día un haxa transporte público desde A Coruña, desde o hospital Abente e Lago á Ponte Pasaxe, pasando por Monelos e Avda. Alfonso Molina posibilitando que os cidadáns da Coruña poidan vir á Praia de Sta. Cristina. Esta decisión conleva á invalidación do convenio asinado entre os Concellos da Coruña e Oleiros e como as competencias do transporte público son da Xunta de Galicia, impide como dixo antes esa posibilidade co perxucio correspondente e non é unha zona de carga e descarga, é unha parada de autobús e de aí que se puxera un bus de cartón.

No que atinxe á execución da rede de sumidoiros na baixada ó Porte de Lorbé, isto xa ten gracia porque en o concello non ten competencias en Portos, de feito esta institución sancionou ó concello por dúas veces pola organización da festa de Mera na Praia, de xeito indigno sancionan ó concello por apoiar a sardiñada que organiza a veciñanza de Mera, cando durante todo o ano ese espazo está ocupado por vehículos e doutras instalacións que nada teñen que ver co Porto, porque entre outras cousas este porto deixou de ser de pesca porque carece do calado suficiente como para entrar coas embarcacións e de aí que se repartiran entre os Portos de Lorbe, da Coruña e de Sada.

Pero centrándose no sinalado sobre o Porto de Lorbé, todo o tramo entre o restaurante que aludía, a Depuradora, as Casetas dos Mariñeiros ou a Nave que usan para conxelar, son terreos de titularidade de Portos e é precisamente Portos quen ten que solucionar os problemas dos vertidos que se están a enviar a unha zona onde se está a explotar a acuicultura, non só de mexilón senón tamén de peixe, considera que é impresentable que neste intre estea sen abordarse por parte da Xunta de Galicia este saneamento no Porto de Lorbé porque as augas fecais están indo directamente sen ningún tipo de depuración.

Con motivo da visita da conselleira a presentar o proxecto, estaba o concelleiro do Partido Popular diante, díxolle ó redactor do proxecto e tamén á conselleira que había que prever, aínda que non abordasen de xeito inmediato o bombeo, a instalación dunha tubería para conectar coa depuradora que está a uns 300 m., asentiron pero ata este intre non hai tubería instalada, polo que chegado ese momento terían que levantar o asfaltado da estrada que están a executar agora, impresentable e inentendible. O mesmo aconteceu coa execución da Vía Ártabra en plena execución decátanse de que existe unha rede de gas que vai en dirección Pontevedra e o cableado de alta tensión que van dirección norte e sur, gravísimo, pero esta é a forma de actuar desa conselleira que a día de hoxe non entende que aínda a manteñan no seu cargo.





CONCELLO DE  
OLEIROS

O tema da multa da Xunta Electoral, non hai nada novo porque en tódolos procesos electorais adícanse a denunciar todo o denunciado e o que é certamente máis que denunciado é o panfleto gravísimo que están a repartir polo concello sobre a súa persoa, a súa muller e a súa irmá, son uns impresentables e verán aínda as medidas a tomar e tamén realizan outras actuacións que son tamén máis que denunciadas como encher páxinas de xornais anunciando obras que van executar no concello por parte da Xunta de Galicia e non se poñen nin colorados, pero denuncian a execución dun proxecto que hoxe se aprobou aquí e que xa era coñecido, pero ese é o xeito de actuar que teñen.

A zona natural de Dexo que se fixo todo o posible e máis porque a costa de Dexo fose parque natural foron os sucesivos gobernos de Alternativa dos Veciños presididos por él, nin máis nin menos, propoñéndollo á Unión Europea que foi quen o aprobou pero é que agora hai alguén interesado en sacar fincas dalgún interesado recortando 30 Ha ó monumento natural, que non lles vai colar porque a última palabra tena o Concello de Oleiros, porque a Xunta de Galicia poderá dicir o que queira pero é que está aprobado no PXOU e pola Unión Europea.

A paralización da urbanización a carón do GADIS é un problema do construtor porque o concello nada ten que ver co ritmo de obra, se vai máis áxil ou lento.

Antes de rematar, volve solicitar a palabra o Sr. **Moinelo** para engadir que espera que esta esquina de escano no salón de plenos municipal sexa ocupada por unha persoa respectuosa, democrática e de consenso, gracias.

Sen máis asuntos que tratar o alcalde dá por rematada a sesión ás 13.20 h., para deixar constancia dos acordos tomados e do acontecido estendo esta acta en vinte e cinco (25) páxinas e que eu, como secretaria, certifico. Dou fe; Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na propia sinatura da secretaria accidental e co visto e prace do alcalde.